

**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O  
PARLAMENTO DE GALICIA E A CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E  
UNIVERSIDADES PARA A EXPOSICIÓN ITINERANTE DA  
COLECCIÓN DE ARTE DO PARLAMENTO DE GALICIA,  
PROXECTO *COMPARTE***

En Santiago de Compostela, a 30 de maio de 2022

**REUNIDOS**

Dunha parte, don Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de setembro de 1983 modificado o 6 de agosto de 2015, e segundo o acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, relativo á elección dos membros da Mesa (DOG número 159, do 7 de agosto de 2020).

Doutra, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

As partes, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, manifestan que interveñen con capacidade legal necesaria e competencia suficiente para subscribir este protocolo de colaboración, e para tal efecto,

**EXPOÑEN**

**Primeiro.** Que o Parlamento de Galicia está inmerso nunha estratexia de apertura co obxectivo de que á cidadanía coñeza e participe da actividade da



Cámara galega. Neste senso, desenvólvense diferentes actuacións como os programas de visitas guiadas no Pazo do Hórreo e actos conmemorativos, culturais e sociais tanto dentro como fóra da sede parlamentaria.

**Segundo.** Que o Parlamento de Galicia, comprometido coa protección e promoción da cultura, atesoura unha das máis valiosas e variadas coleccións públicas de arte galega contemporánea, froito do talento creativo dos seus autores e autoras e tamén do compromiso inequívoco coa arte galega dos diferentes equipos reitores da Cámara legislativa.

**Terceiro.** Que a Presidencia do Parlamento de Galicia, consciente da grande riqueza deste patrimonio, ten asinado un protocolo de colaboración coa Real Academia Galega de Belas Artes para a promoción, a dinamización e o impulso do patrimonio artístico do Parlamento de Galicia, a organización de eventos conxuntos para tal fin e o asesoramento por parte da Real Academia de Belas Artes nas actividades relacionadas coas artes no ámbito do Parlamento entre outras. Ao mesmo tempo o Parlamento ten realizada a catalogación individualizada de todas as obras que compoñen a súa colección de arte e está a disposición de toda a cidadanía na páxina web da Cámara nun exercicio de transparencia que permite coñecer a situación de cada unha delas.

**Cuarto.** Que a Cámara quiere levar a súa Colección de Arte fóra do Pazo do Hórreo, compartindo cos galegos e as galegas o patrimonio artístico que lles pertence, acurtando distancias, achegando as obras a cidades e vilas, dentro e tamén fóra de Galicia onde exista unha presenza significativa de comunidades galegas, na procura de contribuír ao sentimento de proximidade e identificación da cidadanía co patrimonio artístico e ao coñecemento da primeira institución da Comunidade.

**Quinto.** Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia así como do fomento da cultura en Galicia, asumidas en exclusiva pola Comunidade Autónoma segundo o artigo 27 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía para Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1 e 149.2 da Constitución.



**Sexto.** Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en virtude do Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica exerce a través da Secretaría Xeral de Cultura, as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural e dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago. En particular, correspóndelle exercer as competencias e funcións que derivan da regulación contida no artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia.

**Sétimo.** Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades cunha concepción ampla e participativa da cultura, na que o conxunto da sociedade poida ter acceso aos bens e manifestacións culturais e intervir nesa construción cultural como axentes activos, profesionais e afeccionados, traza a súa intervención social en dous obxectivos básicos: dunha parte, o fomento da produción cultural nas súas diversas vertentes; por outra, o estímulo da oferta e da participación social na cultura.

**Oitavo.** Que o Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no marco da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, procuran a salvagarda dos dereitos da cidadanía de acceso, coñecemento, goce, transmisión e divulgación do patrimonio cultural de Galicia. Neste senso e en virtude do compromiso permanente coa conservación e protección do patrimonio cultural de Galicia, tal como teñen colaborado no pasado en diversas actividades, dispoñen coordinar un proxecto de exposicións temporais e itinerante de obras representativas da Colección de arte da Cámara que ao tempo que garante o acceso e difusión do patrimonio artístico sito no Pazo do Hórreo, pon valor a colección de arte que a todos os galegos e as galegas lles pertence. Este proxecto leva o nome de *COMPORTE*.

Tendo mutuo interese, ambas as partes, no éxito e máxima difusión deste proxecto *COMPORTE*, subscriben este protocolo de colaboración que se rexerá polas seguintes



## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto e fins do protocolo

O obxecto da colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é impulsar e coordinar o proxecto *COMPARTE*, un proxecto de exposicións temporais e itinerantes con obras previamente seleccionadas da Colección de arte do Parlamento de Galicia que percorrerá espazos expositivos das cidades de Galicia e outras vilas, así como por outras cidades fóra da Comunidade onde exista unha presenza significativa de galegas e galegos entre os seus habitantes e onde este proxecto poida contribuír a proxectar no exterior a imaxe de Galicia no eido da cultura, nomeadamente da arte contemporánea galega.

A finalidade do proxecto é achegar á cidadanía galega unha mostra representativa do patrimonio artístico do Parlamento de Galicia, que é de todas as galegas e os galegos, ao tempo que se da a coñecer a Cámara Galega fóra da súa sede.

### Segunda. Liñas xerais de actuación e designación do comisariado

O Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, encargarán o comisariado das exposicións do proxecto *COMPARTE* á Real Academia Galega de Belas Artes, polo vínculo que ambas institucións manteñen con esta. Esta designación materializarase de acordo ao procedemento que estipule a normativa vixente.

As obras que formarán parte das diferentes exposicións serán seleccionadas polo comisariado atendendo a criterios que de acordo á museoloxía arredor das obras do fondo artístico do Parlamento de Galicia, dos autores e das autoras, das temáticas, dos espazos expositivos, etc., abunden no coñecemento e na difusión deste valor artístico cultural.

Na procura de que a exposición chegue ao maior número de cidadáns e cidadás as exposicións terán lugar en espazos expositivos propostos pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que na Comunidade Autónoma serán nas cidades de A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e outras vilas a determinar de entre as de maior poboación e, fóra de Galicia



en Madrid, deixando aberta a posible realización de exposicións en outras cidades ou vilas onde exista unha presenza significativa de galegos e galegas ou onde este proxecto *COMPARTE* poida contribuír á proxección exterior da Comunidade Autónoma e do conxunto de artistas galegos contemporáneos.

De cara ao desenvolvemento das actuacións previstas neste protocolo o Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades establecerán conxuntamente, un protocolo xeral que se adaptará a cada evento expositivo en función das súas circunstancias específicas.

### Terceira. Compromisos das partes

O Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades materializarán todas aquelas actuacións que deriven nunha contraprestación monetaria de acordo ao procedemento que estipule a normativa vixente.

#### Compromisos do Parlamento de Galicia

1. Proporcionar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e ao Comisariado a información e documentación relativa á colección de arte susceptible de ser exhibida.
2. Poñer as obras de arte previamente seleccionadas á disposición das partes, en tempo e forma que se requira.
3. Establecer co comisariado o alcance das súas funcións e aboar con cargo aos seus orzamentos os gastos nos que incorra para o desenvolvemento destas.
4. Encargar a publicidade exterior e de medios de comunicación que se estime adecuada para o proxecto *COMPARTE* no seu conxunto e para cada un dos eventos expositivos que se desenvolvan no marco deste protocolo e aboar os custes que se deriven desta con cargo aos seus orzamentos.
5. Encargar a publicidade impresa (papelería) que se estime adecuada para o proxecto *COMPARTE* no seu conxunto e para cada un dos eventos expositivos que se desenvolvan no marco deste protocolo e aboar os custes que se deriven desta con cargo aos seus orzamentos.

Compromisos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades:

1. Propoñer e proporcionar os espazos expositivos e o persoal de atención ao público e de seguridade que sexa preciso para o desenvolvemento de cada unha das exposicións do proxecto *COMPARTE* e aboar con cargo aos seus orzamentos os gastos que se deriven de cada unha delas.
2. Establecer co asistente do comisario/a, que exercerá a coordinación técnica, o alcance das súas funcións e aboar con cargo aos seus orzamentos os gastos nos que incorra para o desenvolvemento destas.
3. Facerse cargo do transporte, garda, embalaxe, montaxe e desmontaxe de todas as obras de arte obxecto de exhibición, desde a súa localización actual no Pazo do Hórreo ao lugar designado para a súa exposición, entre localizacións temporais que se determinen, no caso de desenvolverse exposicións concatenadas, e a posterior devolución ata o Pazo do Parlamento de Galicia. E aboar os custes con cargo aos seus orzamentos.
4. Subscribir un seguro a todo risco sobre as obras que formarán parte das exposicións, na modalidade "de cravo a cravo", cuxa cobertura se estenderá desde a data da saída das obras do Pazo do Hórreo ata a súa devolución no Parlamento.

#### Cuarta. Financiamento

As obrigas económicas que se derivan dos compromisos asumidos neste protocolo de colaboración e da organización deste, imputaranse aos orzamentos do Parlamento de Galicia e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para os exercicios de vixencia deste protocolo, segundo lles corresponda e formalizaranse de acordo ao procedemento que estipule a normativa vixente.

#### Quinta. Comisión paritaria de seguimento

Como mecanismo de coordinación para o adecuado desenvolvemento das actividades previstas constituirase, reuníndose sempre que sexa necesario unha comisión paritaria integrada por unha persoa en representación do Parlamento de Galicia e unha persoa pola Consellería de Cultura, Educación, Formación



Profesional e Universidades. Poderán asistir outros membros, sen voz e sen voto, a petición de cada unha das partes.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

1. A interpretación do protocolo.
2. A proposta de addendas ou modificacións.
3. A elaboración do Informe previo á resolución por incumprimento.
4. As facultades de supervisión da execución e adopción das decisións e o ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das actividades acordadas.
5. Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste protocolo.

A Comisión considerarase o mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do protocolo, aos efectos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Sexta. Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución**

Este protocolo de colaboración estará vixente dende a súa sinatura ata a data de finalización da XI lexislatura do Parlamento de Galicia.

As partes poderán modificar os termos deste protocolo de acordo mutuo. Mediante addenda achegarase as modificacións sobre o seu contido acordado polas partes.

Son causa de resolución deste protocolo as seguintes:

- a) Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- b) Denuncia feita por calquera das partes, formulada por causas xustificables.
- c) Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera das partes dos acordos do protocolo.

A parte incumpridora non terá que indemnizar economicamente a outra parte por incumprimento das obrigas do protocolo ou a súa extinción, sen prexuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros.

As controversias que poidan dan lugar a aplicación e interpretación deste protocolo, serán resoltas pola Comisión de seguimento prevista na cláusula quinta. En defecto de tal resolución, o orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente para coñecer das controversias que se susciten na execución do protocolo.

#### **Sétima. Difusión da colaboración das partes**

O asinamento deste protocolo supón o consentimento expreso de ambas as partes para faceren públicos, a través dos distintos soportes de comunicación e difusión que procedan, os datos referidos ao seu contido, de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

#### **Oitava. Natureza xurídica**

Este protocolo de colaboración ten natureza administrativa, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e aplicando a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e rexeranse polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo.

#### **Novena. Protección de datos de carácter persoal**

En aplicación deste protocolo, respectaranse cantas exixencias establece o Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non



autorizados, resultando aplicables todos os dereitos e obrigas derivados desta normativa.

#### **Décima. Transparencia e bo goberno**


O protocolo será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten na publicación dos seus datos persoais no Portal de Transparencia e Bo Goberno da Xunta de Galicia, así como no Portal de Transparencia do Parlamento de Galicia.

En proba de conformidade as partes implicadas subscriben este protocolo de colaboración por triplicado e para un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.



Miguel Ángel Santalices Vieira,  
presidente do Parlamento de Galicia



Román Rodríguez González,  
conselleiro de Cultura, Educación,  
Formación Profesional e  
Universidades